

**PORTFOLIO DAS LÍNGUAS**

**OFICIOS TRADICIONAIS EN CULLEREDO**

**CEIP RÍA DO BURGO**

**3º CICLO DE E.P.**

**NIVEL 5º DE E.P.**

**CURSO ACADÉMICO 2010-2011**


## CARPINTEIROS

Facían e arranxaban os apeiros de labranza: arados, carros, caínzo..., amañaban e facían hórreos de madeira.

Para a casa facían: portas, fiestras, bancos...


## VOCABULARIO E APEIROS DE LABRANZA

VOCABULARIO	
<b>Eixada, aixada, legón</b>	Utilízase para cavar, romper, cubrir e outros labores. Son dos máis antigos e seguen empregándose.
<b>Sacho, picaraña, raño</b>	Utilízanse nos labores de “escarda”, de “sachar o millo”, manexo de esterco, etc.
<b>Fouces</b>	Usados para cortar xestas e toxos
<b>Fouciños</b>	Usados para cortar herba e cereais.
	A súa orixe remóntase aos tempos no que o home era recolector, entón serían uns paus curvados, con pedras incrustadas.
<b>Gadaña, corno, ferros</b>	Úsanse para segar a herba e cereais.
	A gadaña afíase coa pedra que se leva nun corno colgado da cintura.
	Para facer máis fino o “filo” crabúñase golpeándoa cun martelo sobre un iunque.
<b>Angazos</b>	Empréganse para xuntar e estender herbas, pallas...
<b>Forcada, forquilla, gallas</b>	Son instrumentos para remover e cargar palla, heno, etc
<b>Cambela</b>	É unha das primitivas formas do arado, o “aratrum simplex” dos romanos.
	Construída aproveitando a curvatura natural dun tronco de árbore á que se lle engadiu unha “rella” de ferro.



## APEIROS DE LABRANZA

<b>APEIROS DE LABRANZA</b>			
<b>Arado composto</b>	É un arado do tipo chamado romano.		
	Emprégase para remover a terra..		
	Foi empregado polos celtas.		
	Presenta algunhas variedades segundo os usos ao que se destinan:	Con fouciño	para romper o monte
		Con táboas	para facer os “surcos” abertos
Con dous timóns		para un so animal	
Con dúas rabizas			
<b>Arado de vertedera</b>	Aventaxa ao arado romano en que rompe e voltea a terra.		
<b>Rastro, grade, grada</b>	Serven para aplanar despois de arado o terreo.		



## Partes do carro

1.-Estadullos ou fungueiros

2.-Cheda

3.-Sollado ou chedeiro

4.-Eixe

5.-Chumaceira

6.-Apeladoiras

7.-Tufo

8.-Cadea

9.-Pecho

10.-Cabezallo

11.-Chavella


12.-Camba

13.-Ollal

14.-Rellas

15.-Mión

16.-Ferra ou Lamia



## Quen é un carpinteiro?

Persoa que ten como oficio o traballo de madeira.É o traballador por excelencia da madeira.

Todo o que traballa e labra a madeira, pero ten múltiples aplicacións e para algunha requírense aptitudes, polo que distínguense especialidades, que van dende o que elabora unha ferramenta de traballo ou o que fai un moble ata os fabricantes de carros , sellas, caldeiros ou mesmo vaixelas de madeira, tan empregadas en Galicia ata o século XVIII

Oficio tradicional que está desaparecendo a causa da industrialización.

Foi un dos oficios máis importantes e estendidos, debido á riqueza forestal de Galicia.

Xunto co ferreiro, constitúen a base técnica que proporciona instrumentos de traballo, elementos para a construción, mobles, recipientes e outros obxectos.

<b>Latín</b>	Carpentariu “ fabricante de carros”
<b>Portugués</b>	carpinteiro
<b>Castellano</b>	carpintero
<b>Galego</b>	carpinteiro
<b>Inglés</b>	carpenter, woodworker

Cómpre distinguir


### ■ Artesáns de carpintería

Constructores de certo rango adicados a pezas delicadas, como **os instrumentos musicais**, que coidan o torneado e o acabado final.

Todos eles precisan unha ampla infraestrutura de almacenaxe como **as gabias, trenchas, cepillos e mazos**.

A súa madeira preferida é a de **castiñeiro, carballo** ou **nogueira** que cultivaban antigamente os frades dos mosteiros, nos soutos e nas carballeiras, para obter rendemento e boa materia prima.

Persoa dedicada a traballar e labrar a madeira.



- **Serranchíns :**

Eran ambulantes, algúns viñan de Portugal.

Preparaban a materia prima, a madeira, que cortaban en táboas. Usaban como ferramentas :

a **machada e o tronizador** para cortar a árbore, a **serra de aire, o serrón**, que hoxe case non se usan, pois existen aserradoiros con maquinaria eléctrica.

\* **Fragueiros:** adicábanse fundamentalmente a **facen carros**, ensamblando as **distintas pezas** que o compoñen:

**Cabezallo , chedas, eixe, rodas, travesas, chavellas**

\* **Rodeiros :** Son os que fan as rodas.

\* **Xugueiros :** Son os que fan os xugos.

A madeira utilizada é a de carballo para chedas e rodaxes; piñeiro ,salgueiro ; bidueiro e ameneiro para o eixe.

\* **Cubeiros e toneleiros:** Fabricaban e arranxaban cubas,barriocas e bocois sobre todo para o viño, nas zona de .

Vendima. Usan a madeira de carballo e castiñeiro.



\* **Selleiro:** Especializado na fabricación de sellas ou ferradas para a auga.

\* **Torneiros:** Eran os que se encargaban do labrado das pezas.

Realizan pezas de madeira torneadas. Producían obxectos de uso doméstico e foron ambulantes.

\* **Cunqueiros:** Tamén torneaban a madeira

Os torneiros e cunqueiros empregaban , sobre todo , a madeira de buxo . Aínda que tamén a de carballo e castiñeiro. Fabrican pezas de precisión como : picadeiras para os roxóns e a zorza, pratos, culleres, garfos, morteiros.

### ➤ **Ebanista**

É máis especializado, fai un traballo máis fino : leitos, arcas , asentos ... A súa obra é máis delicada e minuciosa.

Usa sobre todo.

- ◆ trencha
- ◆ cepillos de moldura
- ◆ bocel
- ◆ tornos

Prefiere empregar madeira de **nogueira, carballo e castiñeiro.**

A súa obra pertence á **arte popular.**

É o autor da maioría dos **retablos das igrexas.**

### ➤ **Carpinteiro de armar**

É o que prepara , coloca e monta a estrutura dos pisos, a armadura dos teitos das casas e corredores.

Traballa a pé de obra.

Xeralmente non posúe taller e constrúe as armazóns dos pisos e corredores empregando ferramentas como a **machada e a aixola** para desbastar e facer os encaixes nas cabezas das traves, cangos, tesoiras...;



**as trenchas e o mazo.**

### ➤ **Carpinteiro de ribeira**

Monta o seu taller, moi simple, na costa ou no interior, preto do mar, para facilitar a botadura das embarcacións que constrúe e repara.


A dimensión do taller depende do tamaño das embarcacións que vaia facer nel.

Soen empregar madeira de: **carballo, piñeiro e castiñeiro.**

## Carpinteiro de taller


Aquel que realiza o seu traballo nun taller ou local próximo á casa e constrúe e fabrica mobles para a casa :  
**mesas, bancos ,leitos, escaleiras, escadas, escanos, ventás ,porta...**

Traballa de xeito individual no seu taller, xeralmente preto da súa casa e compaxina o seu oficio co traballo no campo. Emprega a maioría das ferramentas comúns.



<b>FERRAMENTAS COMÚNS</b>	
<b>O banco</b>	Mesa sobre a que se labran as táboas, que se suxeitan co barrilete.
<b>As uñas</b>	De ferro ou de madeira, con dous cravos que soben e baixan, segundo o grosor da táboa, impiden que se desprace cara adiante.
<b>Trouzón, serra, serra de man, serrón, serrón de volta ou serrón de cota</b>	Instrumentos para cortar a táboa. Unha vez cortada a táboa, lábrase.
<b>Machada</b>	Con ela desbástase a táboa se lle sobra un pouco de ancho.
<b>Garlopa</b>	(Instrumento, ferramenta) para pulir a táboa.
<b>Garlopín</b>	Úsase para pulir cando a peza de madeira é pequena.
<b>Guillame e xunteira</b>	Úsanse para definir os bordos.
<b>Acanalador, rebaixador, cepillo ou bocel</b>	(Instrumentos, ferramentas) de tamaño variable que se utilizan para facer traballos especiais co canto da prancha.
<b>Metro</b>	Serve para tomar as medidas.
<b>Escuadro e falsa regra</b>	Miden o compás e os ángulos.
<b>Trencha, gubia, bedano, berbequí, trade</b>	Para facer buracos.
<b>Aixola</b>	Ferramenta para debastar pezas de madeira. É usada polos zoqueiros e cubeiros.
<b>Lima de madeira</b>	Ferramenta para debastar táboas pequenas
<b>Raspilla e lixa</b>	Empréganse para alisar a superficie





### Outras ferramentas ou utensilios

Para armar as pezas xa preparadas
* Martelo
* Tenaces
* Alicates
* Desaparafusador
* Gramil

Estes carpinteiros fan a maioría do seu traballo no taller (mesas, bancos, camas, portas, ventás), pero tamén tiñan que montar parte del fóra: escaleiras, varandas, balcóns.

Tamén fan as obras de madeira nos edificios.

Usan a madeira de piñeiro e castiñeiro.

### Vocabulario de materiais do carpinteiro

- |                      |                         |
|----------------------|-------------------------|
| 1.-Furador           | 9.-Garlopa              |
| 2.-Aixo              | 10.-Torniqueta          |
| 3.-Serra de volta    | 11.-Gancho              |
| 4.-Aixola            | 12.-Marra               |
| 5.-Compás            | 13.-Sufrideira          |
| 6.-Aixola            | 14.-Sufrideira de furar |
| 7.-Gargaleira        | 15.-Punzón              |
| 8.-Cepillos de volta | 16.-Gato                |